



Secretaría FGTM
Urb. Porto-Avieira Manzana 2 nº 28
15888 – Oroso
Teléfono: 981 69 49 31
Fax: 981 69 49 31
Móvil: 657 919 439
Web: www.fgtm.net
E-Mail: secretariaFGTM@hotmail.com
CIF: G15149453

CIRCULAR Nº 18

TEMPADA 2006/2007

CAMPIONATO GALEGO SUB-21

- **DATA E LOCAL DE XOGO:**

24 e 25 de Febreiro de 2007 no Pavillón Campo da Serra de Santa Icia (Narón) de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 h..

- **PROBAS A DISPUTAR:** Equipos Masculinos e Femeninos; Individual Masculino e Femenino, Dobles Masculinos e Femeninos e Dobles Mixtos
- **SISTEMA DE XOGO:** Disputarase polo sistema Copa Swaythling para os equipos masculinos e Corbillón para os femininos.
- **PARTICIPACIÓN:** A participación será libre para todos aqueles xogadores con licencia federada en vigor pertencentes á categoría Sub-21 ou inferior durante a tempada 2006/2007.
- **CABEZAS DE SERIE:** Os cabezas de serie tomaranse tendo en conta, o ranking galego Sub-21.
- **SANCIONS:** As incomparencias ou abandono de equipos (sen causa xustificada) sancionaranse con 60€. O club que no faga efectiva a sanción imposta excluíráselle das competicións que resten por disputar na tempada. Non obstante, o equipo que posteriormente a súa inscrición, non poda participar, e o poña en coñecemento da F.G.T.M. con 3 días de antelación (como mínimo) á disputa do campionato, non será sancionado.

As incomparencias ou abandono de xogadores na proba individual (sen causa xustificada) sancionaranse con 30 euros, (a satisfacer polo seu clube). No caso de non facer efectiva dita sanción, o xogador implicado quedará excluído das competicións que resten por disputar na tempada.
- **INSCRIPCIONS:** Os equipos interesados en participar neste campionato deberán cubrir a Folla de Inscrición que se adxunta e remitila á Secretaría da Federación Galega, mediante fax, e-mail ou correo, **antes das 20,00 horas do día 16 de Febreiro de 2007.**

Oroso, 22 de Xaneiro de 2007

Nuria Castro Iglesias
Secretaría Federación Galega de Tenis de Mesa